



Dictame
3/01

sobre o proxecto de
**Decreto sobre
INCENTIVOS para o
DESENVOLVEMENTO
ECONÓMICO e fomento da
actividade empresarial
na Comunidade Autónoma
de Galicia**



Edita: Consello Económico e Social de Galicia

Este dictame pode consultarse tamén no sitio web do Consello:

www.ces-galicia.org

1.- ANTECEDENTES

1.- Con data 17 de xaneiro de 2001, tivo entrada no Consello Económico e Social, oficio do presidente da Xunta de Galicia sometendo á consideración deste organismo o borrador do proxecto de *Decreto sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia*, co obxecto de que este organismo emita o correspondente informe de natureza facultativa que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no Consello.

2.- O texto do borrador foi remitido o 18 de xaneiro de 2001, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº 1: Economía, emprego e desenvolvemento territorial, competente para emitilo dictame por razón de materia. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno, con data 18 de xaneiro de 2001, deuse conta á Comisión Permanente da entrada do texto do borrador do Proxecto de Decreto e do comezo dos traballos.

3.- Con data 19 de xaneiro de 2001, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 1 para o mércores, 24 de xaneiro de 2001, co fin de programa-las sesións para a elaboración do dictame.

Con data 30 de xaneiro de 2001, a petición da Comisión Sectorial, compareceu a directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para explica-lo proxecto de Decreto sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial en Galicia.

A directora xeral do Igape expuso as características e obxectivos do proxecto de Decreto e destacou, entre outras, as seguintes:

- O proxecto de decreto é un marco normativo de carácter xenérico (inclúe tódalas actuacións actualmente incentivables pola UE) para o período 2000-2006, negociado coa UE, que habilita no período citado a capacidade de desenvolver outras normas sen necesidade de novas negociacións.

- Diminúe o peso estratéxico da subvención pola intervención, que se concretará no asesoramento, a incentivación, a oferta de servizos e a creación de infraestruturas.

• O proxecto de Decreto ten como obxectivo concentrar a política de incentivos en tres programas fundamentais: a atracción de novas empresas para que localicen a súa actividade en Galicia, a consolidación das empresas existentes mellorando a súas técnicas de xestión e o apoio á cultura empresarial en proxectos innovadores de risco e na creación de novas empresas.

4.- Tralo estudio do texto remitido pola Presidencia da Xunta de Galicia ó longo de varias sesións de traballo, a Comisión Sectorial nº 1, na súa sesión 06/01, de data 12 de febreiro, aprobou por unanimidade a proposta de dictame e remitiuna ó Presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- A Comisión Permanente, reunida na sesión nº 01/01, de data 14 de febreiro, en trámite de urxencia, acorda convoca-lo Pleno do Consello para a aprobación do Dictame.

6.- O Pleno do CES, na súa sesión nº 1 /01, do 22 de febreiro, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DICTAME

Sobre o proxecto de Decreto sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

1.- O proxecto de Decreto sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia, tal como se menciona na súa exposición de motivos, pretende fixa-los criterios básicos da política de fomento da Administración autonómica, marcándose para iso como obxectivos a mellora daqueles programas e modalidades de axuda que se mostraron mais eficaces no período de aplicación do Decreto 309/1995, do 23 de novembro, así como a inclusión dos programas de axuda que se estimen necesarios para avanzar no fomento da actividade económica da comunidade autónoma.

2.- O contido do proxecto de Decreto estrutúrase en dezasete artigos, unha Disposición Transitoria, unha Disposición Derogatoria e dúas Disposicións Finais

Cada un dos artigos encabézase co contido do mesmo, sendo así que o proxecto de Decreto regula os seguintes contidos:

- Art. 1.- Finalidade
- Art. 2.- Obxectivos
- Art. 3.- Actividades incentivables
- Art. 4.- Criterios preferentes
- Art. 5.- Modalidades de axuda
- Art. 6.- Beneficiarios
- Art. 7.- Programas de incentivos
- Art. 8.- Axudas ó investimento en creación, ampliación e modernización de empresas
- Art. 9.- Axudas á toma de participacións no capital de sociedades
- Art.10.- Axudas temporais e de reestructuración de empresas
- Art.11.- Axudas á investigación, desenvolvemento e innovación
- Art.12.- Axudas á formación, divulgación, asistencia técnica e á contratación de persoal especializado
- Art.13.- Axudas á cooperación empresarial
- Art.14.- Apoio á iniciativas emprendedoras
- Art.15.- Compatibilidade dos incentivos económicos
- Art.16.- Competencia na xestión e concesión dos incentivos económicos
- Art.17.- Seguimento das axudas

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- O CES valora positivamente o contido do Decreto e a comparecencia da autoridade administrativa na comisión sectorial.

O CES considera que o Decreto mellora a normativa anterior mediante unha articulación integrada das axudas así como a través dunha máis axeitada definición dos obxectivos, dos criterios, das modalidades e dos programas, incrementando o nivel de cobertura dos incentivos.

O CES considera positivo, respecto á diminución do peso estratéxico das subvencións a fondo perdido, o incremento da intervención e da asunción de risco por parte da Administración nas modalidades de axuda, no senso de garantir un maior control, seguimento e cumprimento dos obxectivos.

2.- O CES considera necesaria a participación institucional dos axentes económicos e sociais no desenvolvemento normativo deste Decreto para dictaminar sobre os criterios concretos de incentivación e sobre a transparencia nos procedementos de articulación das axudas.

Neste senso, considérase oportuno que a Consellería de Economía e Facenda dicte as disposicións necesarias para que, de xeito previo ás convocatorias de axudas establecidas no artigo 16 do proxecto de Decreto sometido a dictame, se requira Dictame do Consello Económico e Social de Galicia.

O CES entende que a participación institucional dos axentes económicos e sociais no seguimento dos programas debe producirse a través do Consello, en aplicación do principio de cooperación, dado que a maior parte das axudas desenvolven o marco comunitario de apoio de Galicia 2000-2006, mediante a información, o mais ampla posible, sobre a execución de cada un dos instrumentos normativos que desenvolvan o proxecto de Decreto. Neste senso, considérase importante que, de acordo co artigo 17, sexa remitido un informe anual sobre a aplicación de dito Decreto, que conteña dita información, para o seu coñecemento.

3.- O CES entende que debe incluírse, no desenvolvemento normativo, un epígrafe de baremación positiva dos incentivos ós proxectos presentados, en función da súa capacidade, presente ou futura, de xeración de emprego estable.

4.- No texto do Decreto aparecen conceptos tales como operacións financeiras de garantía, prestación de servicios, habilitación de infraestructuras, subvención neta equivalente ...

O CES considera que debería clarificarse o alcance de ditos conceptos na normativa de desenvolvemento do Decreto para facilita-la súa comprensión polos usuarios finais.

No mesmo senso, no artigo 6 do proxecto de Decreto obxecto de dictame, que define as persoas que poden ser beneficiarias de incentivos, refírese a “empresarios individuais, sociedades, agrupacións de empresas e asociacións”. O CES considera que esta referencia a “asociacións” debería ser máis explícita para que se entenda que poden ser beneficiarios dos incentivos as asociacións de empresarios.

5.- O CES entende este Decreto como un marco normativo de carácter xenérico, xa negociado coa Unión Europea, que habilita no período 2000-2006 a capacidade de desenvolver normas pola Comunidade Autónoma, coa cobertura do mesmo, sen necesidade de novas negociacións.

Neste senso, as observacións particulares ó articulado do proxecto de Decreto deben entenderse fundamentalmente como observacións que deben afectar ás normas que o desenvolvan.

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

1.- No **artigo 3**, establécense as actividades economicamente incentivables.

O CES entende que, respecto ás actividades pesqueiras, debería clarificarse que ditas actividades abarcan tamén o marisqueo e a acuicultura

Respecto á construción, actividade non considerada no anterior Decreto, o CES considera que debería limitarse o alcance da incentivación de dita actividade no senso de que só sexan incentivables as fórmulas de cooperación empresarial (excluindo as UU.TT.EE.) e os investimentos en seguridade e saúde no traballo.

En relación cós servizos, dada a importancia dos investimentos en protección do medio ambiente e, en especial, na recollida de todo tipo de residuos, debería incentivarse no desenvolvemento do Decreto este tipo de actividade.

2.- No **artigo 5**, onde se regulamentan as modalidades de axuda, establécese que a Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos, a proposta da Consellería de Economía e Facenda, poderá establecer outros límites á subsidiación dos tipos de xuro, en atención o carácter estratéxico ou social do proxecto.

O CES considera que debería atenderse tamén ás condicións de mercado para establecer outros límites a subsidiación, establecéndose un procedemento áxil para o seu axuste.

3.- No **apartado 3 do artigo 8**, considéranse como non subvencionables os investimentos de substitución.

O CES considera que debería matizarse esta exclusión, permitindo que en determinados investimentos de substitución de alta tecnoloxía, en proxectos estratéxicos concretos, puideran considerarse subvencionables os ditos investimentos.

No **apartado 4 do artigo 8**, establécese que as solicitudes de axuda deberán presentarse antes de comeza-la execución dos proxectos de investimento.

O CES considera que no desenvolvemento do Decreto non se debería condicionar os procesos investidores das empresas cos prazos marcados nas respectivas convocatorias. Deberían establecerse en cada convocatoria sistemas de retroactividade que recollan toda-las solicitudes que se presenten polas empresas durante o período transcorrido entre a data de finalización do prazo dunha convocatoria e a data de comezo do prazo da seguinte convocatoria.

4.- No apartado 1 do artigo 10, onde se regulamentan as axudas temporais, establécese que o tipo de axuda poderá consistir en préstamos directos e garantías para préstamos que o seu prazo de amortización tralo último pagamento á empresa das cantidades prestadas non sexa superior a doce meses.

O CES considera que neste tipo de axudas podería establecerse un procedemento similar ó regulamentado no apartado 2 do artigo 5, onde excepcionalmente a Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos, a proposta da Consellería de Economía e Facenda, poda establecer outros prazos de amortización.

No **apartado 5 do artigo 10**, establécese que os beneficiarios das axudas temporais e de reestructuración de empresas presentarán un plan do que, a xuízo da entidade concedente, se deduza a viabilidade técnica, económica e financeira a longo prazo da empresa sobre a base dunhas perspectivas obxectivas en canto ás súas futuras condicións de funcionamento.

O CES considera que neste apartado debería engadirse a garantía de que ditos plans sexan consensuados polas empresas e os representantes legais dos traballadores.

5.- No punto 1 do artigo 11, establécense os gastos ou investimentos incentivables que poden recibir axudas para investigación, desenvolvemento e innovación.

O CES considera que, dada a importancia que ten para as empresas incorporar á súa xestión sistemas de aseguramento da calidade, de acordo coas normas ISO 9001, 9002 e 9003, e sistemas de xestión medio ambientais, establecidos no regulamento CE/1836/1993, ditos gastos deberían incluírse na normativa de desenvolvemento deste Decreto dentro dos gastos necesarios para a realización e posta en marcha dos proxectos.

No **apartado 3** do **artigo 11**, establécense os factores a ter en conta para a determinación da contía da axuda.

O CES considera necesario que dentro destes factores se teña en conta o impacto dos proxectos presentados en termos de emprego.

6.- No **apartado 3** do **artigo 13**, que regula as axudas á promoción e cooperación empresarial, establécense os conceptos dos gastos incentivables.

O CES considera que dentro do apartado d) “Outros gastos externos directamente vinculados ó proxecto”, deberían incluírse, na normativa de desenvolvemento do Decreto, os gastos que se realicen na promoción de feiras sectoriais así como os investimentos en centros de transporte e distribución de mercancías.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2001

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun

ANEXO

PROXECTO DE DECRETO SOBRE INCENTIVOS PARA O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E FOMENTO DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

A aprobación do novo escenario presupostario da Comunidade Europea para o período 2000-2006 e a modificación dos regulamentos dos Fondos Estructurais, así como a recente aprobación pola Comisión Europa dun Mapa Rexional de Axudas español, esixen a modificación do marco substantivo xeral das axudas de carácter productivo e empresarial concedidas polas diversas consellerías, entes e demais organismos dependentes da Administración Autonómica de Galicia.

Con este decreto o Consello da Xunta de Galicia pretende fixa-los criterios básicos da política de fomento da Administración Autonómica, de acordo coa previsión xenérica do Artigo 78.6 do texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Presupostario de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado polo Artigo 6º da Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e presupostarias e de función pública e actuación administrativa.

A presente regulación, que pretende ter un alcance xeral, ten como antecedente directo o Decreto 309/1995, do 23 de novembro, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento das actividades empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. nº 233, do 5 de decembro de 1995), e márcase como obxectivos a mellora daqueles programas e modalidades de axuda que se mostraron máis eficaces no período de aplicación de dito decreto, así como a inclusión daqueles outros programas de axuda que se estimen necesarios para avanzar no fomento da actividade económica da Comunidade Autónoma.

A iniciativa normativa da Consellería de Economía e Facenda xustifícase por unha dobre razón. Por unha parte pola súa competencia sobre a coordinación das actuacións autonómicas nas que se utilicen fondos de procedencia comunitaria, cos que se levan a cabo en boa parte as medidas de fomento da actividade económica de Galicia. Por outra parte, porque o IGAPE, instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para o impulso do desenvolvemento competitivo do sistema productivo galego, está adscrito á Consellería de Economía e Facenda, de acordo co Artigo 2 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do citado ente de dereito público.

Debido á incidencia socioeconómica para Galicia das medidas previstas neste decreto, solicitouse o dictame do Consello Económico e Social, emitido con data

De acordo con estes antecedentes, a Xunta de Galicia notificou á Unión Europea o proxecto de disposición normativa. Tralo procedemento de avaliación realizado pola Comisión Europea sobre a súa adecuación ó dereito comunitario, o resultado é o presente decreto, compatible co Mercado Común segundo a decisión da Comisión (axuda estatal nº).

O alcance xeralista desta norma e o seu carácter plurianual fai necesaria a súa actualización anual a través das convocatorias das diferentes axudas nel contempladas. Ditas bases reguladoras de cada modalidade de axuda poderán adquiri-la forma de ordes de Consellería ou de reso-

lucións doutros órganos convocantes, respetarán a regulación contida no decreto e limitaranse basicamente a fixa-los seguintes aspectos; os créditos presupostarios que en cada caso se reserven para cada tipo de axuda, as condicións e requisitos específicos que, dentro dos límites fixados no decreto resulten aplicables a cada caso, os posibles incumprimentos e os procedementos de reintegro da axuda. Habida conta de que estas futuras bases regularán aspectos adxectivos, sen modifica-las características básicas e a finalidade das axudas contempladas no decreto, estas enténdense autorizadas ó abeiro do mesmo, unha vez sexa validado este decreto pola Comisión Europea.

En consecuencia, a proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, trala deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día

DISPÕO

Artigo 1.- Finalidade.

O presente decreto ten por finalidade regula-lo réxime xeral dos incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo doutras liñas de axuda que, en uso das súas competencias, teñan ou poidan establece-las diversas consellerías da Xunta de Galicia e outros entes dependentes ou vinculados á mesma.

Artigo 2.- Obxectivos.

Os incentivos económicos previstos neste decreto teñen por obxecto manter, fomentar e potencia-la actividade económica, coa finalidade de favorece-la creación de emprego e de incrementa-lo nivel de renda da poboación, así como de potencia-lo desenvolvemento equilibrado do territorio.

Artigo 3.- Actividades incentivables.

1.- Son incentivables ó abeiro deste decreto as actividades económicas seguintes:

- a) A extracción, procesamento, transformación e comercialización das producións agrícolas, pesqueiras, gandeiras e forestais.
- b) A extracción, procesamento, transformación, produción e comercialización de mine-rais, produtos enerxéticos ou os seus derivados.
- c) A industria manufacturera, o comercio, o turismo, a construción, a artesanía e os serv-icios.
- d) A creación de redes de abastecemento, transporte, distribución e comercialización.
- e) As actividades de electrónica, biotecnoloxía, robótica, audiovisual, telemática, telecomunicación e calquera outras de avanzada tecnoloxía, así como os procesos de creación intelectual que sexan inherentes a ditas actividades.
- f) A investigación básica e aplicada, innovación e desenvolvemento tecnolóxico, normalización, homologación, certificación, xestión, control e mellora da calidade levadas a cabo por cal-quera ente público ou privado.
- g) A formación de empresarios, cadros directivos e traballadores.
- h) A fabricación ou comercialización de bens de equipo ou unidades productivas relacio-

nadas con calquera das actividades anteriormente sinaladas.

i) A xestión do coñecemento mediante, entre outras, a difusión, fomento e promoción do saber facer.

2.- Este réxime de axudas sométese expresamente ós límites e condicións establecidos na normativa comunitaria horizontal e sectorial que en cada caso lle sexan aplicables.

Artigo 4.- Criterios preferentes.

Poderán ser preferentes na concesión de axudas e na determinación da súa contía, os seguintes criterios:

1.- Localización da actividade en:

a) Zonas afectadas pola crise dun sector industrial declarado en reconversión ou, en casos concretos, as afectadas polo peche de empresas das que a súa actividade dependese de forma importante o emprego desa zona.

b) Zonas desfavorecidas onde exista un especial abandono de poboación.

c) As provincias de menor renda per cápita de Galicia.

d) Parques empresariais.

e) Zonas onde existan producións de materias primas, bens de equipo ou industrias complementarias ou similares e exista unha tradición de fabricación sobre a actividade de que se trate.

f) Zonas nas que a localización ten un interese estratéxico como consecuencia da explotación e do aproveitamento das infraestruturas e/ou factores de produción.

g) Núcleos enclavados en espazos de economía tradicionalmente rural que constitúan un centro de actividade para o seu entorno.

2.- As características dos proxectos:

a) Primeiro establecemento, ampliación ou traslado.

b) O valor engadido que xere.

c) Orientación da produción á exportación.

d) Adaptación e mellora medioambiental.

e) Incorporación de tecnoloxía avanzada.

f) Creación e mantemento de emprego en relación ó investimento proxectado.

g) Utilización de materias primas autóctonas.

h) O carácter dinamizador do proxecto para a economía da zona en que se implante.

3.- A cooperación empresarial, referida a proxectos promovidos en cooperación por dúas ou máis empresas do mesmo sector de actividade ou complementario.

4.- O carácter innovador ou emprendedor do proxecto ou a capacidade de arrastre da iniciativa empresarial no seu entorno.

5.- A colaboración ou participación de universidades ou centros tecnolóxicos públicos.

6.- A incardinación do proxecto nun plan estratéxico empresarial a medio ou longo prazo, dirixido á mellora da competitividade, ou a súa incidencia nun sector de actividade considerado estratéxico polo Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia.

7.- En función das dispoñibilidades presupostarias poderanse prioriza-los proxectos que mellor respondan ós criterios establecidos nos apartados anteriores.

Artigo 5.- Modalidades de axuda.

1.- Os incentivos económicos poderán consistir nos seguintes tipos de axudas:

- a) Subvencións a fondo perdido.
- b) Subsidiación do tipo de xuro de operacións financeiras.
- c) Participación no capital de sociedades.
- d) Operacións financeiras e de garantía.
- e) Prestación de servizos.
- f) Habilitación de infraestruturas e realización de actividades en materia de apoio á actividade económica.

2.- A xestión de axudas mediante a subsidiación do tipo de xuro de operacións destinadas ó financiamento de actividades consideradas incentivables poderá levarse a cabo directamente co beneficiario ou mediante convenios que a Administración Autonómica poida subscribir con entidades financeiras ou con sociedades patrimoniais de fondos de desenvolvemento.

O importe máximo da operación financeira subsidiable e en concorrencia con outras axudas se fose o caso, non poderá exceder-lo 75% da contía do proxecto subvencionable.

O tipo de xuro fixarase na forma que regulamentariamente se estableza e a subsidiación poderá acadar ata 5 punto porcentuais, sen que en ningún caso o tipo de xuro que deba satisfacerlo beneficiario despois de descontada a subsidiación resulte inferior a 2 puntos. Excepcionalmente a Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos, a proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, poderá establecer outros límites en atención ó carácter estratéxico ou social do proxecto.

3.- A participación no capital de sociedades non poderá exceder do 45% do capital social das mesmas.

4.- As operacións de garantía que posibiliten o acceso ó crédito poderán instrumentarse directamente ou a través de organismos intermedios de afianzamento. Así mesmo poderán establecerse subvencións ós gastos de comisión de apertura e de aval relativos a operacións de garantía destes organismos intermedios.

5.- Cando a concesión de axudas esté fortemente condicionada por unha determinada composición do capital social da empresa ou grupo beneficiario, a súa alteración, sen a previa conformidade do órgano concedente, poderá determina-la devolución total ou parcial das axudas concedidas. Nestes casos, as resolucións de concesión de axudas deberán recoller expresamente esta circunstancia.

Artigo 6.- Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios dos incentivos económicos, sempre e cando reúnan os requisitos sinalados neste decreto, os empresarios individuais, sociedades, agrupacións de empresarios, asociacións ou outras institucións sen ánimo de lucro e organismos intermedios de afianzamento que realicen ou vaian a realizar actividades calificadas como incentivables e que contribúan a acadalos obxectivos sinalados no Artigo 2 do presente decreto.

Tamén poderán ser obxecto de axudas os traballadores e os socios actuais ou futuros de sociedades mercantís ou de base laboral ou cooperativa, así como as persoas físicas que preten dan individual ou colectivamente poñer en marcha unha iniciativa empresarial ou de formación.

Os beneficiarios das axudas deberán ter ubicado ou ubica-la sede efectiva da súa actividade ou algún centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia. Nos casos de axudas ás actividades de comercialización, distribución, acordos tecnolóxicos e de cooperación ou expansión empresarial non será necesario que a actividade se desenvolva en Galicia sempre que exista unha vinculación directa ou unha complementariedade destas actividades coas que se veñen desenvolvendo en Galicia e contribúan á súa consolidación.

En calquera caso, a consideración dos proxectos como incentivables estará supeditada ás necesidades de apoio que se desprendan das súas condicións económico-financeiras e do seu impacto na actividade económica da Comunidade Autónoma.

Artigo 7.- Programas de incentivos.

1.- En consideración ó seu destino, os incentivos económicos poderán comprender apoios:

- a) Ó investimento en creación, ampliación e modernización de empresas.
- b) Á toma de participación no capital de sociedades.
- c) A medidas de carácter temporal e de reestructuración de empresas.
- d) Á investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+I).
- e) Á formación, divulgación, asistencia técnica e á contratación de persoal especializado.
- f) Á promoción e cooperación empresarial.
- g) A iniciativas emprendedoras.

2.- As axudas destinadas a estes programas de incentivos poderán instrumentarse a través de contratos-programa que conterán a natureza, contía e datas de desembolso das axudas así como as obrigas por parte da empresa beneficiaria.

3.- Os órganos da Administración Autonómica poderán prestar servicios, habilitar infraestructuras e realizar actividades de apoio a estes programas.

Artigo 8.- Axudas ó investimento en creación, ampliación e modernización de empresas.

1.- Con carácter xeral, serán de aplicación ós investimentos en creación, ampliación e modernización de empresas, as modalidades de axudas previstas no Artigo 5 deste decreto.

2.- Entre outras, poderanse considerar incentivables os investimentos realizados en:

- a) Adquisición dos terreos necesarios para a implantación do proxecto.
- b) Urbanización, acometidas e obras exteriores necesarias para o proxecto.
- c) Obra civil.
- d) Bens de equipo e unidades funcionais de explotación independente.
- e) Traballos e estudos de planificación, enxeñería de proxecto e dirección facultativa dos traballos.
- f) Outros investimentos en activos materiais.
- g) Investimentos en capital fixo consistentes no traspaso dun establecemento pechado ou que pechase de non procederse á súa readquisición. Neste suposto, tomaranse exclusivamente en consideración os custos de readquisición de ditos activos, a condición de que a transacción teña lugar en condicións de mercado. En todo caso deduciranse os activos para cuia adquisición xa se recibise unha axuda antes do traspaso.
- h) Activos inmateriais ligados ó investimento en contía non superior ó 25% do investimento total aprobado do proxecto, salvo en proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación

en onde se poderá acadar-lo 75%.

i) Gastos de arrendamento financeiro con opción de compra de equipamento e de naves industriais e comerciais.

3.- Non serán subvencionables os investimentos de substitución.

4.- As solicitudes de axuda deberán presentarse antes de comeza-la execución dos proxectos de investimento.

5.- Os investimentos subvencionados deberán manterse ó menos durante cinco anos.

6.- Co fin de garanti-la viabilidade dos proxectos, a iniciativa privada deberá financiar, ó menos, o 25% do custo total do proxecto de investimento.

7.- Así mesmo, e dentro dos límites máximos de intensidade de axuda rexional aplicados á base de cálculo uniforme composta polos conceptos de investimento subvencionable, poderán atenderse outros gastos, tales como, os stocks iniciais e os gastos financeiros ligados ó investimento.

8.- As axudas a favor de grandes proxectos de investimento, segundo definición dada pola Comisión Europea, concederanse conforme ó regulado nas Directrices Comunitarias multisectoriais sobre axudas rexionais a grandes proxectos de investimento (98/C 107/05); ou ó que en cada momento regule a Comisión.

Artigo 9.- Axudas á toma de participación no capital de sociedades.

Á toma de participación en capital de sociedades poderán concederse as seguintes axudas:

a) Subvención a fondo perdido de ata un 25% do seu investimento, ós traballadores de sociedades en procesos de reestructuración ou de privatización, para a toma de participación minoritaria no capital social das mesmas.

b) Subsidiación ó tipo de xuro de préstamos que financien:

b.1) A toma de participación minoritaria dos traballadores en sociedades en procesos de reestructuración ou de privatización.

b.2) A toma de participación maioritaria no capital polo persoal da sociedade, dentro dun plan de reorganización da estrutura accionarial da empresa.

b.3) A toma de participación por empresas de ó menos o 5% do capital social de sociedades pertencentes ó seu mesmo sector ou complementario co obxecto de obter vantaxes competitivas.

b.4) A toma de participación dun socio ou socios que lles outorgue maioría dos dereitos de voto coa finalidade de favorecer-la administración efectiva da mesma, en xeral e, en especial, nos supostos de sucesión de empresa.

Artigo 10.- Axudas temporais e de reestructuración de empresas.

1.- Axudas temporais.

Son axudas temporais ou de salvamento, aquelas que, xustificadas por motivos sociais graves, están destinadas a manter a empresas con dificultades durante o tempo necesario, non superior a seis meses, para elabora-lo correspondente plan de recuperación.

O tipo de axudas poderá consistir en préstamos directos e garantías para préstamos que o seu prazo de amortización tralo último pagamento á empresa das cantidades prestadas non sexa superior a doce meses. Ditas axudas non poderán distorsionarl a situación do sector e limitaranse ó importe dos gastos de explotación necesarios para manter á empresa en funcionamento.

2.- Axudas de reestructuración de empresas.

Considéranse axudas de reestructuración as destinadas á reorganización das actividades incluídas nun plan estratéxico co obxecto de facer viables as empresas. As axudas de reestructuración concederanse unha única vez e a súa contía fixarase en función das necesidades determinadas no plan estratéxico e limitaranse ó estrictamente necesario para o restablecemento do equilibrio financeiro da empresa. A concesión da axuda supeditarase á execución do plan estratéxico de reestructuración aprobado.

O tipo de axudas poderá consistir en:

a) Subsidiación ó tipo de xuro:

a.1) De préstamos a longo prazo destinados á cancelación de pasivos a curto prazo con custo financeiro. A contía da operación financeira subsidiable determinarase de forma obxectiva en función da correlación entre o inmovilizado neto da empresa e os recursos permanentes da mesma.

a.2) De préstamos a longo prazo concertados por persoas físicas, ou xurídicas destinados á ampliación de capital destas sociedades.

A contía da operación financeira subsidiable determinarase en función da correlación entre os recursos propios e o pasivo alleo, establecéndose o teito máximo ó final da ampliación de capital na proporción 55/45.

b) Participación no capital de sociedades.

c) Operacións financeiras e de garantía.

3.- O importe máximo de axuda de salvamento ou reestructuración que poderá concederse a unha mesma empresa non superará os 10 millóns de euros.

4.- Estas modalidades de axuda respetarán en todo caso as directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestructuración de empresas en crise (1999/C 288/02, publicadas no D.O.C.E. do 9 de outubro de 1999).

5.- Os beneficiarios destas axudas presentarán un plan do que, a xuízo da entidade concedente, se deduza a viabilidade técnica, económica e financeira a longo prazo da empresa sobre a base dunhas perspectivas obxectivas en canto ás súas futuras condicións de funcionamento, sen perxuízo das análises e estudos que se realicen directamente polos órganos da Comunidade Autónoma.

A concesión resolverase tendo en conta se se trata de empresas viables con dificultades transitorias, caracterizadas por situacións de insuficiencia de liquidez a curto prazo, ou ben se se trata de empresas con deficiencias estruturais que precisen para reestablece-la súa viabilidade dun plan conxunto e intensivo a longo prazo.

6.- No caso de que os beneficiarios das axudas previstas neste artigo non teñan a consideración de pequenas e medianas empresas segundo a normativa comunitaria, a concesión das mesmas deberá notificarse á Comisión Europea individualmente.

Artigo 11.- Axudas á investigación, desenvolvemento e innovación.

1.- Dentro das axudas para investigación, desenvolvemento e innovación terán a consideración de gastos ou investimentos incentivables os realizados nos seguintes conceptos:

- a) Estudos previos de viabilidade dos proxectos de investigación.
- b) Gastos necesarios para a realización e posta en marcha do proxecto, vinculados en todo caso ó seu desenvolvemento e non á súa comercialización no mercado.
- c) Terreos, edificios, instrumentos, equipos e software, na medida en que tales bens se destinen con carácter exclusivo ó proxecto.
- d) Asistencias técnicas e adquisición e protección legal de coñecementos técnicos, propiedade intelectual e industrial.
- e) Promoción e divulgación dos resultados e aplicacións do proxecto.

2.- Poderán concederse as seguintes axudas dentro dos límites e coas condicións que se sinalan en cada caso:

- a) Subvención a fondo perdido sobre o custo do proxecto.
- b) Subsidiación ó tipo de xuro das operacións financeiras destinadas ó financiamento destes proxectos.
- c) Operacións financeiras e de garantía.

3.- Para a determinación da contía da axuda, ademais dos criterios establecidos no Artigo 4, poderán terse en conta os seguintes factores:

- a) O carácter innovador nas vertentes técnica e comercial.
- b) A coherencia do proxecto coa estratexia sectorial.
- c) A inclusión do mesmo en plans de cooperación empresarial.
- d) A colaboración ou participación de universidades ou centros tecnolóxicos públicos.

4.- Os límites de intensidade destas axudas non poderán supera-lo 75% de axuda nos proxectos de investigación industrial e do 50% no caso de proxectos de investigación aplicada e de desenvolvemento.

Artigo 12.- Axudas á formación, divulgación, asistencia técnica e á contratación de persoal especializado.

Poderán concederse subvencións a fondo perdido sobre os seguintes proxectos:

1.- Formación especializada de persoal. Para a calificación destes proxectos como incentivables e a determinación da contía da axuda poderase ter en conta a existencia ou non en Galicia de persoas xa formadas na materia obxecto do programa, a calidade da formación a impartir e a modalidade de contratación. A contía destas axudas non poderá supera-lo 45% do custo do programa de formación aprobado.

2.- Organización de eventos orientados á sensibilización e dinamización da actividade socioeconómica e de interese xeral.

3.- Participación en feiras, contratación de estudos ou asesoramento necesarios para o lanzamento dun novo produto ou un produto existente nun novo mercado xeográfico. As axudas nunca se vincularán ó volume de vendas en exportación.

4.- Contratación de asistencias técnicas especializadas que resulten necesarias para a

posta en marcha e viabilidade dun proxecto empresarial. A contía destas axudas non poderá superar-lo 75% do custo da contratación.

5.- Contratación de profesionais, persoal directivo ou técnico altamente cualificado que polos seus coñecementos ou experiencia resulten necesarios para a posta en marcha e viabilidade dun proxecto empresarial. Para a calificación destes proxectos como incentivables e a determinación en tal caso da contía da axuda poderanse ter en conta os seguintes factores: a experiencia dos candidatos, a aportación de coñecementos ou habilidades, a súa aplicación práctica na actividade da empresa e a retribución ou prezo pactado. A axuda non poderá exceder do 75% do custo da contratación para os dous primeiros anos.

6.- Así mesmo, poderán concederse bolsas para a formación e apoio á contratación de titulados para favorecer a incorporación de persoal titulado á empresa e contribuír á formación práctica destes.

Artigo 13.- Axudas á promoción e cooperación empresarial.

1.- No ámbito da promoción empresarial poderán ser obxecto de axuda as actividades de lanzamento de novos produtos ou de produtos existentes nun novo mercado.

2.- Serán incentivables aquelas fórmulas de cooperación empresarial que se materialicen a través da creación de consorcios, agrupacións ou empresas conxuntas ou outras fórmulas de colaboración empresarial, nos ámbitos productivo, comercial, tecnolóxico ou financeiro, que formen parte dos sectores de actividade contemplados neste decreto.

3.- Terán a consideración de gastos incentivables os realizados nos seguintes conceptos:

- a) Gastos externos de consultoría e asistencia técnica.
- b) Os gastos notariais e rexистраis para a formalización do acordo.
- c) Os gastos externos en materiais, mostras e ensaios con fins demostrativos.
- d) Outros gastos externos directamente vinculados ó proxecto.

As actuacións consideradas, que non deberán conducir a prácticas restrictivas da competencia, ofrecerán garantías de permanencia e estabilidade.

4.- Os proxectos que resulten incentivables poderán dispoñer de axudas a fondo perdido de ata o 75% dos custos subvencionables do proxecto.

5.- Para a determinación, no seu caso, da contía da axuda, ademais dos criterios establecidos no Artigo 4, poderán terse en conta os seguintes factores:

- a) O grao de maduración e definición do proxecto.
- b) As vantaxes competitivas que se xeren.
- c) O sector de actividade de que se trate.
- d) O grao de integración horizontal ou vertical que supoña a cooperación.
- e) A transferencia de tecnoloxía existente e as posibilidades de exportación da que se desenvolva como consecuencia da cooperación.

Artigo 14.- Apoio a Iniciativas Emprendedoras.

Poderán concederse axudas á formación e implantación de novas iniciativas empresariais de acordo co sinalado nos puntos seguintes:

1.- Axudas á formación de emprendedores.

Ademais das actuacións directas que nesta materia desenvolva a Administración Autonómica, poderán concederse subvencións a fondo perdido para sufraga-los custos dos programas formativos aplicados á elaboración dun Plan de Empresa que se realicen por entidades públicas ou privadas e outras actuacións dirixidas ó fomento da cultura emprendedora e á consolidación de novas iniciativas empresariais.

2.- Axudas á implantación de novas iniciativas empresariais.

Poderán concederse os seguintes tipos de axudas:

- a) Subvención a fondo perdido e subsidiación ó tipo de xuro dos préstamos destinados a sufraga-los custos de implantación e posta en marcha da nova iniciativa empresarial.
- b) Operacións financeiras e de garantía.
- c) Participación en capital das novas sociedades.
- d) Habilitación de infraestructuras e servizos de apoio para a implementación de iniciativas emprendedoras.

3.- A participación pública no capital das sociedades requirirá a dimensión mínima que regulamentariamente se estableza.

4.- Terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- a) Asistencias técnicas para a elaboración de prototipos e o contraste da viabilidade da idea empresarial.
- b) Os gastos de investimento contemplados no Apartado 2 do Artigo 8 deste decreto.
- c) Outros gastos necesarios para a implantación e posta en marcha da nova iniciativa empresarial.

5.- Poderán acollerse ás axudas deste programa aquelas iniciativas que resulten calificadas como emprendedoras de acordos coas bases que regulamentariamente se establezan. Para esta calificación poderán utilizarse, entre outros, os seguintes criterios:

- a) Grao de innovación da idea empresarial.
- b) Capacidades persoais do promotor.
- c) Complementariedade coas actividades económicas predominantes no territorio de implantación da nova empresa.
- d) Nivel de viabilidade económica, técnica e financeira da idea empresarial.
- e) Potencialidade de xeración de novos empregos.

Artigo 15.- Compatibilidade dos incentivos económicos.

1.- Os incentivos económicos establecidos neste decreto serán complementarios e compatibles entre si e con calquera outras axudas da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, aisladamente ou en concorrencia con outras poidan supera-los límites establecidos pola Unión Europea.

2.- Os beneficiarios das axudas terán a obriga de comunicar ó órgano concedente tódalas axudas solicitadas e as concedidas para a execución dun mesmo proxecto incentivable.

3.- A estes efectos crearase, dependente da Consellería de Economía e Facenda, unha base de datos autonómica sobre axudas e subvencións públicas, que permitirá ter un completo coñecemento do réxime de axudas e subvencións públicas concedidas pola Comunidade Autónoma, identificar perfectamente a tódolos beneficiarios finais das mesmas, realiza-lo control e seguimento de acumulación de axudas e subvencións das distintas administracións públicas nun

proxecto ou beneficiario, efectua-lo seguimento e a avaliación das medidas contempladas nos distintos plans e programas da Comunidade Autónoma, subministrar información ós órganos xestores das axudas e subvencións públicas e efectua-la planificación e o seguimento das actuacións de control.

4.- O límite xeral de intensidade de axuda na Comunidade Autónoma será do 40% en termos de subvención neta equivalente (ESN), sen perxuízo doutros límites no seu caso previstos na normativa comunitaria en concordancia co establecido no Punto 2 do Artigo 3 deste decreto. Cando os gastos subvencionables mediante axudas rexionais poidan acollerse total ou parcialmente a axudas con distintas finalidades, a parte común quedará suxeita ó límite máis favorable dos rexímenes de que se trate.

Artigo 16.- Competencia na xestión e concesión dos incentivos económicos.

A tramitación das axudas convocadas ó abeiro deste decreto, así como a concesión das mesmas, realizaranse por cada consellería, organismo autónomo ou ente público da Xunta de Galicia dentro do ámbito das súas competencias e conforme ás dispoñibilidades presupostarias.

Artigo 17.- Seguimento das axudas.

De acordo co orde competencial establecido no artigo anterior realizarase, de acordo coa normativa comunitaria, un informe anual sobre a aplicación do presente decreto.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As solicitudes que se presentasen con anterioridade á entrada en vigor do presente decreto serán tramitadas e resoltas conforme a normativa vixente no momento da súa presentación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Á entrada en vigor do presente decreto quedará derrogado o Decreto 309/1995, do 23 de novembro, de Incentivos para o Desenvolvemento Económico e Fomento da Actividade Empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia, a súa normativa de desenvolvemento, así como a que regulase programas de incentivos coincidentes por razón de materia cos previstos no presente decreto.

DISPOSICIÓNS FINAIS

PRIMEIRA.-

Sen perxuízo das competencias das consellerías, organismos e entes públicos para realiza-las convocatorias específicas de axudas de conformidade co Artigo 16 deste decreto, facúltase á Consellería de Economía e Facenda para dicta-las disposicións necesarias para a aplicación e desenvolvemento do mesmo.

SEGUNDA.-

Este decreto entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, a __ de ____ de dous mil un

MANUEL FRAGA IRIBARNE
O PRESIDENTE

JOSÉ ANTONIO ORZA FERNÁNDEZ
O CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA

Dictame
3/01